

CONVENIO DE PATROCINIO ENTRE A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E CLUB AMFIV "B" PARA A ACTIVIDADE DE PATROCINIO POR PARTE DA ENTIDADE Á FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO DE ACORDO CO PLAN DE PATROCINIO DOS EQUIPOS DE ALTA COMPETICIÓN DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2016

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O DIRECTOR-XERENTE DA FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO, **DECLARA:**

Que esta FUNDACIÓN ten previsto formalizar con Club AMFIV "B" o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 7 de abril ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

establecer as relacións entre as Partes en orde a dispoñer a actividade de patrocinio por parte da Entidade á Fundación Deporte Galego e ABANCA así como a colaboración das partes na promoción do Plan Galego de fomento da actividade física GALICIA SAUDABLE, de acordo co Plan de patrocinio para o exercicio 2016.

Este patrocinio será desenvolvido conforme á proposta publicitaria presentada pola Entidade así como de conformidade co establecido no Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos equipos de Alta Competición de Galicia, exercicio 2016.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

- I. Que a Fundación, entidade fundacional do sector público de Galicia, ten por finalidade a promoción do deporte na Comunidade Autónoma galega, en cuxa consecución está capacitada para a realización de distintas actuacións, en colaboración con institucións e empresas, tanto públicas como privadas.
- II. Que a Fundación Deporte Galego, ten aprobado o Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos equipos de Alta Competición de Galicia, exercicio 2016, cuxo obxecto principal é a difusión da actividade e imaxes fundacional e da Comunidade Autónoma e especialmente do Plan Galego para o fomento da actividade física GALICIA SAUDABLE, así como a promoción do deporte de alta competición de Galicia, tendo por destinatarios as entidades con equipos nas máximas categorías estatais absolutas. En diante, o Plan.



- III. Que a Entidade conta cun equipo participante nunha das competicións incluídas no ámbito obxectivo do Plan. En diante o Equipo.
- IV. Que a Fundación e a entidade financeira ABANCA formalizaron en data 20 de febreiro de 2015 un contrato de patrocinio, que ten por obxecto o patrocinio publicitario por ABANCA do Plan de patrocinio dos equipos de alta competición de Galicia da Fundación Deporte Galego -en diante o Plan-. Este patrocinio supón a consideración de ABANCA como PATROCINADOR OFICIAL do Plan, incorporándose o seu distintivo corporativo ás actuacións de comunicación do mesmo que desenvolva a Fundación, sen prexuízo das restantes prestacións contempladas no Plan de patrocinio a favor de ABANCA.
- V. Que o Plan de Patrocinio conta con dous apartados específicos de patrocinio:
 - a. Patrocinio Deporte Galego e Galicia Saudable.
 - b. Patrocinio con cargo á liña específica ABANCA.
- VI. Que a Entidade presentou proposta publicitaria para ámbolos dous apartados de patrocinio.
- VII. Que logo da correspondente tramitación do expediente, a Entidade vén de resultar adxudicataria no procedemento establecido para a formalización coa Fundación, dun convenio de patrocinio con motivo do Plan de Patrocinio e para ámbolos dous apartados sinalados anteriormente.
- VIII. Que conforme a todo o referenciado, as Partes, recoñecendo plena capacidade, conveñen en subscribir o presente convenio de patrocinio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 7 de abril de 2016.

